

Solicitudes:

As persoas, asociacións ou comunidades que desexen realizar unha cacharela deberán presentar a solicitude no Concello de Negreira, antes das 14:00 h do día 20 de xuño de 2025 cumprimentando o modelo de solicitude que se achega ou ben por SEDE ELECTRONICA.

Normativa:

- 1.- Non está permitido facer as laradas en VIAS PÚBLICAS, XARDÍNS ou PARQUES PÚBLICOS, en terreos forestais ou nas proximidades de masas arbóreas.
- 2.- As cacharelas deben realizarse en lugares seguros, de tal xeito, que non exista perigo de propagación accidental ás vivendas, instalacións ou terreos proximos. Deberán ter en conta a existencia de cableado, tendidos eléctricos, etc.. Arredor da cacharela deixárase unha franxa duns 5 metros libre de calquera elemento combustible.
- 3.- Deberán situarse en zonas afastadas de masas arbóreas alomenos 50 mts. Os responsables deben asegurarse de contar con medios de extinción mínimos pero suficientes para o seu uso inmediato en caso de ser necesario.
- 4.- Non se permite a utilización de líquidos inflamables nin queimar produtos contaminantes (plásticos, pintura, gomas, etc..)
- 5.- As laradas deben estar baixo vixilancia en todo momento. Non se poderá abandonar a larada ata estar seguros de que o lume quedou completamente apagado, debendo retirar todos os restos que queden unha vez que se remate.
- 6.- O número de asistentes non superará o que determine a normativa sanitaria de aplicación no momento da celebración da festa.
- 7.- As autorizacións outorgadas non eximirán, en ningún caso, das responsabilidades por danos e prexuízos a que houbera lugar no caso de que concorrese negligencia ou imprudencia

